

ao disposto no artigo 14 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

**Disposición transitoria sexta.** *Novas funcións de Red Eléctrica de España, S.A. nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares.*

No prazo de catro meses desde a publicación desta lei, Red Eléctrica de España, S.A. pasará a realizar todas as funcións asignadas ao operador do mercado en relación coa liquidación e comunicación dos pagamentos e cobramentos correspondentes aos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares, así como coa recepción das garantías que, de ser o caso, procedan.

**Disposición transitoria sétima.**

O operador do sistema remitiralle ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio unha nova versión do procedemento de operación a que fai referencia o número 1 do artigo 21, no prazo máximo de tres meses contados desde a entrada en vigor desta lei, sen prexuízo de ulteriores revisións e actualizacións.

**Disposición transitoria oitava.**

No prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio elaborará, sobre a proposta de norma realizada pola Comisión Nacional de Enerxía segundo o mandato da disposición adicional décimo segunda do Real decreto 1634/2006, do 29 de decembro, e tras a consulta ás comunidades autónomas, o mecanismo previsto na alínea d) do número 1 do artigo 16 desta lei.

**Disposición transitoria novena.** *Transmisión de instalacións de transporte.*

Co fin de darlle cumprimento ao establecido nos artigos 9 e 35.2 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, as empresas que á entrada en vigor desta lei sexan titulares de instalacións de transporte deberánlle transmitir esas instalacións a Red Eléctrica de España, S.A., como xestor da rede de transporte e transportista único, no prazo máximo de tres anos desde a entrada en vigor desta lei.

O prezo de cada compravenda será acordado entre as partes e estará baseado en prezos de mercado. No caso de discrepancias no seu establecemento, as partes deberánlle solicitar á Comisión Nacional de Enerxía o nomeamento dun árbitro independente, que será o encargado da determinación do prezo, que será vinculante para ambas as partes.

Os aranceis de notarios, rexistradores mercantís e da propiedade correspondentes aos actos necesarios para a formalización das compravendas anteriores quedarán reducidos ao 10%.

Mentres non se materialice a transmisión das instalacións de transporte, as empresas titulares desas instalacións poderán seguir exercendo esa actividade, respecto ás instalacións da súa propiedade postas en servizo ou que iniciasen a tramitación da autorización administrativa previa con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2007, e seralles de aplicación para estes efectos o disposto na citada Lei 54/1997 para o transportista único.

As transmisións de elementos patrimoniais derivadas da aplicación desta norma seralles aplicable o réxime fiscal das transmisións de activos realizadas en cumprimento de disposicións de rango de lei da normativa de defensa da competencia.

Malia o anterior, quedarán excluídas da mencionada transmisión aquelas instalacións que sexan autorizadas

polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, conforme o disposto no artigo 35.2.

**Disposición derogatoria única.** *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.

**Disposición derradeira primeira.** *Carácter da lei.*

Esta lei ten carácter básico, de acordo co establecido no artigo 149.1.13 e 25 da Constitución.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 4 de xullo de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

**13025** *LEI 18/2007, do 4 de xullo, pola que se procede á integración dos traballadores por conta propia do réxime especial agrario da Seguridade Social no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos. («BOE» 160, do 5-7-2007.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O réxime especial agrario da Seguridade Social naceu a mediados da década dos sesenta do século pasado, momento en que o sector agrario ocupaba un posto de primeira liña na actividade económica, pola súa relevancia tanto na poboación activa ocupada como no produto interior bruto nacional.

O seu obxectivo foi o de incorporar os traballadores agrarios á protección da Seguridade Social, desde unha perspectiva que lles recoñecía singularidades específicas en materia de cotización e de prestacións.

Para estes efectos, procedeuse a conxugar un marco específico de contribución atenuada cuns niveis de protección progresivamente actualizada, para ir converxendo coa establecida noutros réximes da Seguridade Social, todo isto tendo en conta as posibilidades económicas do sector. Esta articulación ten na actualidade como referentes básicos o Decreto 2123/1971, do 21 de xullo, polo que se aprobou o texto refundido da lexislación de Seguridade Social agraria, e o Decreto 3772/1972, do 23 de decembro, que supuxo o seu desenvolvemento regulamentario.

Trátase, non obstante, de normas que, en boa medida, xa non se corresponden coas transformacións operadas nas últimas décadas no sector agrario, en particular polo que se

refire á inclusión dos traballadores por conta propia, que, por outra parte, se viron afectados polo proceso establecido a través da disposición adicional trixésimo sexta do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, incorporada pola Lei 36/2003, do 11 de novembro, de medidas de reforma económica, que orixinou diferenzas dentro dese colectivo.

## II

Coa finalidade de actualizar os mecanismos de protección social dos agricultores por conta propia, superar as diverxencias existentes e afondar no obxectivo de converxencia de réximes e integración dos traballadores por conta propia nun só réxime, con data do 20 de outubro de 2005 adoptouse o acordo sobre encadramento e cotización á Seguridade Social dos traballadores agrarios por conta propia, formalizado entre os ministros de Traballo e Asuntos Sociais e de Agricultura, Pesca e Alimentación e os representantes das organizacións agrarias.

No marco deste acordo prevese un conxunto de medidas tendentes á progresiva equiparación dos traballadores por conta propia do réxime especial agrario cos encadrados no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, que levará, con efectos do 1 de xaneiro de 2008, á integración neste último réxime de todos os traballadores agrarios por conta propia, co previo establecemento dun sistema especial para traballadores por conta propia agrarios.

Estas previsións afectan de maneira prioritaria aspectos relacionados coa cotización á Seguridade Social que xa comezaron a recibir o adecuado tratamento normativo a través das medidas contidas na Lei 36/2003, do 11 de novembro, de medidas de reforma económica, e na Lei 30/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2006.

Así mesmo, recóllese no acordo un período transitorio –que terminará no momento da integración dos traballadores agrarios por conta propia no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos– en que, para facilitar a integración mencionada, se clarificará o campo de aplicación do réxime especial agrario no relativo a esta modalidade de traballadores.

## III

O obxectivo desta lei é introducir as reformas que exige a adecuada e eficaz plasmación de todo o anteriormente citado, o cal, dado que o réxime especial agrario se encontra regulado por lei, exige dunha norma da mesma xerarquía.

Baixo esta perspectiva, a lei incide sobre os seguintes aspectos básicos:

a) Ordena a integración dos traballadores por conta propia incluídos no réxime especial agrario no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, con efectos do 1 de xaneiro de 2008, avanzando, así, na liña marcada pola recomendación VI do Pacto de Toledo.

b) Establece, dentro do mencionado réxime, un sistema especial para traballadores por conta propia agrarios que recolle os criterios básicos da normativa de modernización das explotacións agrarias e que vai dirixido a reforzar as garantías sociais dos pequenos agricultores e a colaborar na mellora das perspectivas de viabilidade do sector.

Incídese, a este respecto, no establecemento de mecanismos específicos de cotización e nunha visión globalizada de todos os compoñentes da explotación familiar agraria, con especial incidencia na incorporación das mulleres e da mocidade, como base esencial para o desenvolvemento futuro do campo.

Destaca, neste sentido, o establecemento dunha redución na cotización dos cónxuxes descendentes dos titulares das explotacións agrarias que se incorporen á actividade nas ditas explotacións.

c) Finalmente, e mentres se produce a integración dos traballadores agrarios por conta propia no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, procédese á modificación do campo de aplicación do réxime especial agrario, no referente aos traballadores por conta propia, de modo que este se desenvolva de forma inmediata nuns parámetros semellantes aos que constituirán no futuro o sistema especial antes mencionado, impulsando, desde a perspectiva da Seguridade Social, a modernización das explotacións agrarias e a súa adecuación ás exigencias actuais.

Queda, así, configurado un conxunto de iniciativas que, con apoio no diálogo social, teñen por obxecto crear as condicións básicas para a garantía dos dereitos sociais dos agricultores por conta propia, adecuando a súa regulación á nova realidade do campo español e á necesidade de impulsar a modernización do sector.

**Artigo 1.** *Integración no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos dos traballadores por conta propia do réxime especial agrario.*

Con efectos do 1 de xaneiro de 2008, os traballadores por conta propia incluídos no réxime especial agrario quedarán incorporados ao réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, séndolles de aplicación a normativa que estea vixente no dito réxime e sen prexuízo da aplicación, se é o caso, das peculiaridades establecidas no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios a que se refire o artigo seguinte.

**Artigo 2.** *Creación do sistema especial para traballadores por conta propia agrarios incluídos no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos.*

1. Establécese, dentro do réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, e con efectos desde 1 de xaneiro de 2008, o sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, en que quedarán incluídos os traballadores por conta propia agrarios, maiores de 18 anos, que reúnan os seguintes requisitos:

a) Ser titulares dunha explotación agraria e obter, polo menos, o 50 por 100 da súa renda total da realización de actividades agrarias ou outras complementarias, sempre que a parte de renda procedente directamente da actividade agraria realizada na súa explotación non sexa inferior ao 25 por 100 da súa renda total e o tempo de traballo dedicado a actividades agrarias ou complementarias delas, sexa superior á metade do seu tempo de traballo total.

b) Que os rendementos anuais netos obtidos da explotación agraria por cada titular dela non superen a contía equivalente ao 75 por 100 do importe, en cómputo anual, da base máxima de cotización establecida en cada momento no réxime xeral da Seguridade Social.

c) A realización de labores agrarios de forma persoal e directa en tales explotacións agrarias, aínda cando ocupen traballadores por conta allea, sempre que non se trate de máis de dous traballadores fixos ou, de tratarse de traballadores con contrato de traballo de duración determinada, que o número total de xornais satisfeitos aos eventuais agrarios non supere os 546 nun ano, computado de data a data.

As limitacións na contratación de traballadores por conta allea a que se refire o parágrafo anterior enténdense aplicables por cada explotación agraria. No caso de que na explotación agraria existan dous ou máis titulares, en alta todos eles no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, engadiráselle ao número de traballadores ou xornais previstos no parágrafo anterior un traballador fixo máis, ou 273 xornais ao ano, en

caso de traballadores eventuais, por cada titular da explotación agraria, excluído o primeiro.

2. Para os efectos previstos no punto 1 anterior, enténdese por explotación agraria o conxunto de bens e dereitos organizados polo seu titular no exercicio da actividade agraria, e que constitúe en si mesma unha unidade técnico-económica, podendo o titular da explotación selo pola súa condición de propietario, arrendatario, parceiro, cesionario ou outro concepto análogo, dos predios ou elementos materiais da respectiva explotación agraria.

Para os mesmos efectos, considéranse actividades complementarias a participación e presenza do titular, como consecuencia de elección pública, en institucións de carácter representativo, así como en órganos de representación de carácter sindical, cooperativo ou profesional, sempre que estes se encontren vinculados ao sector agrario; tamén terán a consideración de actividades complementarias as actividades de transformación e venda directa dos produtos da súa explotación e as relacionadas coa conservación do espazo natural e protección do ambiente, o mesmo que as turísticas, cinexéticas e artesanais realizadas na súa explotación.

3. A incorporación ao sistema especial regulado neste artigo afectará, ademais do titular da explotación agraria, o seu cónxuxe e parentes por consanguinidade ou afinidade ata o terceiro grao incluído que non teñan a consideración de traballadores por conta allea, sempre que sexan maiores de 18 anos e realicen a actividade agraria de forma persoal e directa na correspondente explotación familiar.

4. Os interesados, no momento de solicitaren a súa incorporación ao sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, deberán presentar declaración xustificativa da acreditación dos requisitos establecidos nos puntos anteriores para a inclusión nel. A validez desta inclusión estará condicionada á posterior comprobación por parte da Tesouraría Xeral da Seguridade Social da concorrencia efectiva dos mencionados requisitos. A acreditación e posterior comprobación efectuarase na forma e prazos que regulamentariamente se determinen.

### Artigo 3. *Efectos da incorporación ao sistema especial para traballadores por conta propia agrarios.*

A incorporación ao sistema especial para traballadores por conta propia agrarios previsto no artigo anterior determinará a aplicación das seguintes regras en materia de cotización á Seguridade Social:

a) Respecto das continxencias de cobertura obrigatoria, se o traballador opta como base de cotización pola base mínima que corresponda no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, o tipo de cotización aplicable será do 18,75 por 100.

Se, en cambio, o traballador optase por unha base de cotización superior á mínima sinalada no parágrafo anterior, sobre a contía que exceda esta última aplicarase o tipo de cotización vixente en cada momento no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos para as continxencias de cobertura obrigatoria.

b) Respecto das continxencias de cobertura voluntaria, a cota determinarase aplicando, sobre a contía completa da base de cotización, os tipos vixentes no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos para estas continxencias.

### Disposición adicional primeira. *Redución de cotas a favor de determinados familiares do titular da explotación agraria.*

1. No suposto de persoas incorporadas á actividade agraria a partir do 1 de xaneiro de 2008 que queden incluídas no réxime especial dos traballadores por conta pro-

pia ou autónomos a través do sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, que teñan corenta ou menos anos de idade no momento desta incorporación e sexan cónxuxes ou descendentes do titular da explotación agraria, sempre que este se encontre dado de alta nos citados réxime e sistema especiais, aplicarase, sobre a cotización por continxencias comúns de cobertura obrigatoria, unha redución equivalente ao 30 por 100 da cota que resulte de lle aplicar á base mínima de cotización que corresponda o tipo do 18,75 por 100.

A redución de cotas establecida no parágrafo anterior terá unha duración de cinco anos computados desde a data de efectos da obriga de cotizar, e será incompatible coa redución e bonificación previstas para os novos traballadores incluídos no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos na disposición adicional trixésimo quinta do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

2. A redución prevista no punto anterior seralles de aplicación ás persoas que fosen beneficiarias das reducións a que se refiren a disposición transitoria segunda e a alínea b) da disposición derogatoria única desta lei, e que, a partir do 1 de xaneiro de 2008, queden incluídas no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, mentres manteñan as condicións exixidas para quedar encadradas no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios.

En ambos os supostos, a redución terá efectos do 1 de xaneiro de 2008, aínda que se descontará do prazo de duración de tres anos o período desfrutado con anterioridade a esta data en función das reducións sinaladas no parágrafo anterior.

### Disposición adicional segunda.

As referencias ao cónxuxe do titular da explotación agraria contidas nesta lei entenderanse tamén realizadas á persoa ligada de forma estable con aquel por unha relación de afectividade análoga á conxugal unha vez que se regule, no ámbito do campo de aplicación do sistema da Seguridade Social e dos réximes que o conforman, o alcance do encadramento da parella de feito do empresario ou do titular do negocio industrial ou mercantil ou da explotación agraria ou marítimo-pesqueira.

### Disposición adicional terceira.

Os fillos do titular da explotación agraria menores de 30 anos, aínda que convivan con el, poderán ser contratados por aquel como traballadores por conta allea, sen cotización á continxencia de desemprego e, consecuentemente, sen que poidan acceder á correspondente cobertura.

### Disposición transitoria primeira. *Cambio temporal de encadramento de determinados traballadores por conta propia agrarios.*

1. Aos traballadores por conta propia agrarios que, no momento da entrada en vigor desta lei, se encontren encadrados no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos e cumpran os requisitos para quedaren comprendidos en condición de tales no campo de aplicación do réxime especial agrario, conforme a regulación introducida polos artigos 2.b) e 3 do texto refundido das leis 38/1966, do 31 de maio, e 41/1970, do 22 de decembro, aprobado polo Decreto 2123/1971, do 23 de xullo, na redacción dada pola disposición derradeira primeira desta lei, seranlles de aplicación as seguintes regras:

a) Poderán solicitar no prazo dos seis meses seguintes contados desde o día seguinte ao de entrada en vigor desta lei, de acordo co establecido no número 2 da



súa disposición derradeira terceira, a baixa no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos e, ao mesmo tempo, a súa inscrición no censo a que se refire a sección 2.<sup>a</sup> do capítulo II do texto refundido aprobado polo Decreto 2123/1971, do 23 de xullo, para efectos da alta no réxime especial agrario.

b) A cotización no réxime especial agrario levarase a cabo por unha base de cotización de importe igual a aquela pola cal se viñese cotizando, no momento de realizar a opción, no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos. A esta base de cotización seranlle de aplicación os seguintes tipos de cotización:

1.º Pola contía de base de cotización que coincida coa contía da base mínima de cotización, o 18,75 por 100.

2.º Pola contía que supere o importe anterior, o tipo de cotización que, para as continxencias de cobertura obrigatoria, estea vixente no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos.

c) A acción protectora abranguerá a cobertura das continxencias de incapacidade permanente e morte e supervivencia derivadas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, aínda cando no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos non se optase por quedar protexido polas continxencias profesionais.

A cotización por estas últimas continxencias levarase a cabo aplicando á contía completa da base de cotización o tipo do 1,00 por 100.

d) En canto á cobertura por incapacidade temporal, terase en conta o seguinte:

1.º No suposto de que o traballador estivese acollido á protección por incapacidade temporal no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, a cobertura da prestación por incapacidade temporal derivada de continxencias comúns e profesionais no réxime especial agrario terá carácter obrigatorio.

2.º No suposto de que o traballador non estivese acollido á protección por incapacidade temporal no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, poderá, no momento da alta no réxime especial agrario, optar por acollerse voluntariamente a esta cobertura, derivada tanto de continxencias comúns como de continxencias profesionais.

3.º Tanto no suposto sinalado no punto 1.º como, se é o caso, no sinalado no punto 2.º anteriores, a cotización levarase a cabo aplicando, á contía completa da base de cotización o tipo do 4,35 por 100, do que o 3,70 por 100 corresponderá a continxencias comúns e o 0,65 por 100 a continxencias profesionais.

4.º Para efectos do recoñecemento no réxime especial agrario do dereito á protección por incapacidade temporal, poderanse computar, se é o caso, os períodos polos cales se cotizase pola expresada continxencia no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos.

2. No suposto en que non se solicite a baixa e a inscrición a que se refire o punto 1.a) no prazo indicado nel, os interesados permanecerán incluídos no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos.

*Disposición transitoria segunda. Redución de cotas a favor de determinados familiares do titular da explotación agraria incorporados ao réxime especial agrario.*

No suposto de persoas incorporadas ao réxime especial agrario, como traballadores por conta propia, entre a data de entrada en vigor desta lei, de acordo co establecido no número 2 da súa disposición derradeira terceira, e o 31 de decembro de 2007, que teñan corenta ou menos anos de idade no momento desta incorporación e sexan cónxuxes ou descendentes do titular da explota-

ción agraria, sempre que este se encontre incluído no citado réxime especial, aplicarase, sobre a cotización por continxencias comúns de cobertura obrigatoria, unha redución equivalente ao 30 por 100 da cota que resulte de lle aplicar á base de cotización que corresponda o tipo do 18,75 por 100.

A redución de cotas establecida no parágrafo anterior producirá efectos desde a data de inicio da obriga de cotizar ata o 31 de decembro de 2007.

*Disposición derogatoria única. Disposicións que se derrogan.*

Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan ao establecido nesta lei e expresamente as seguintes:

a) A disposición adicional trixésimo sexta do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, sen prexuízo da súa vixencia con carácter transitorio, ata o 31 de decembro de 2007, en relación cos traballadores aos cales, con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2006, lles fose de aplicación o establecido nela, con carácter obrigatorio ou por opción voluntaria, cando tivesen elixido unha base de cotización superior á mínima establecida no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos; neste caso resultarán de aplicación os tipos de cotización e os coeficientes regulados no punto 2 da citada disposición adicional.

b) A disposición adicional cuadraxésimo novena da Lei 30/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2006, sen prexuízo da súa vixencia con carácter transitorio, ata o 31 de decembro de 2007, para as persoas que fosen beneficiarias da redución establecida nela na data de entrada en vigor desta lei.

c) Todos os preceptos referidos aos traballadores por conta propia contidos no texto refundido das leis 38/1966, do 31 de maio, e 41/1970, do 22 de decembro, aprobado polo Decreto 2123/1971, do 23 de xullo.

*Disposición derradeira primeira. Modificación do campo de aplicación do réxime especial agrario da Seguridade Social.*

Introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido das leis 38/1966, do 31 de maio, e 41/1970, do 22 de decembro, aprobado polo Decreto 2123/1971, do 23 de xullo:

1. A letra b) do artigo 2 queda redactada nos termos seguintes:

«b) Traballadores por conta propia que, sendo maiores de 18 anos, reúnan, ademais, as seguintes condicións:

1.<sup>a</sup> Que, sendo titulares dunha explotación agraria, polo menos o 50 por 100 da súa renda total a obteñan da realización de actividades agrarias ou outras complementarias, sempre que a parte de renda procedente directamente da actividade agraria realizada na súa explotación non sexa inferior ao 25 por 100 da súa renda total e o tempo de traballo dedicado a actividades agrarias ou complementarias sexa superior á metade do seu tempo de traballo total.

Enténdese por explotación agraria para estes efectos o conxunto de bens e dereitos organizados polo seu titular no exercicio da actividade agraria, e que constitúe en si mesma unha unidade técnico-económica, podendo o titular da explotación selo pola súa condición de propietario, arrendatario, parceiro, cesionario ou outro concepto análogo, dos predios ou elementos materiais da respectiva explotación agraria.

Así mesmo, considéranse actividades complementarias a participación e presenza do titular, como

consecuencia de elección pública, en institucións de carácter representativo, así como en órganos de representación de carácter sindical, cooperativo ou profesional, sempre que estes se encontren vinculados ao sector agrario. Tamén terán a consideración de actividades complementarias as actividades de transformación e venda directa dos produtos da súa explotación e as relacionadas coa conservación do espazo natural e protección do ambiente, o mesmo que as turísticas, cinexéticas e artesanais realizadas na súa explotación.

2.<sup>a</sup> Que os rendementos anuais netos obtidos da explotación agraria, por cada titular dela, non superen unha contía equivalente ao 75 por cento do importe, en cómputo anual, da base máxima de cotización establecida en cada momento no réxime xeral da Seguridade Social.

3.<sup>a</sup> Que realicen os labores agrarios de forma persoal e directa en tales explotacións, aínda cando ocupen traballadores por conta allea, sempre que non se trate de máis de dous traballadores fixos ou, de tratarse de traballadores con contrato de traballo de duración determinada, que o número total de xornais satisfeitos aos eventuais agrarios non supere os 546 nun ano, computado de data a data.

As limitacións na contratación de traballadores por conta allea a que se refire o parágrafo anterior enténdense aplicables por cada explotación agraria. No caso de que na explotación agraria existan dous ou máis titulares, en alta todos eles neste réxime especial, engadiráselle ao número de traballadores ou xornais previstos no parágrafo anterior un traballador fixo máis, ou 273 xornais ao ano, en caso de traballadores eventuais, por cada titular da explotación agraria, excluído o primeiro.»

2. O artigo 3 queda redactado nos termos seguintes:

«Artigo 3.

Estarán igualmente incluídos neste réxime especial como traballadores por conta propia o cónxuxe e os parentes, por consanguinidade e afinidade, ata o terceiro grao inclusive, do titular dunha explotación agraria, que non teñan a consideración de traballadores por conta allea, sempre que sexan maiores de 18 anos e realicen a actividade agraria de forma persoal e directa na correspondente explotación familiar.»

Disposición derradeira segunda. *Disposicións de aplicación e desenvolvemento.*

Autorízase o Goberno para ditar cantas disposicións de aplicación e desenvolvemento desta lei sexan necesarias.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

1. Esta lei entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2008.

2. Non obstante o disposto no número anterior, o establecido nas disposicións transitorias primeira e segunda, nas alíneas a) e b) da disposición derogatoria única e na disposición derradeira primeira, será de aplicación a partir do día primeiro do mes seguinte ao da publicación da lei no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 4 de xullo de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**13027** *ORDE PRE/1982/2007, do 29 de xuño, pola que se modifican os anexos IVA e IVB do Real decreto 1054/2002, do 11 de outubro, polo que se regula o proceso de avaliación para o rexistro, autorización e comercialización de biocidas.* («BOE» 160, do 5-7-2007.)

O Real decreto 1054/2002, do 11 de outubro, polo que se regula o proceso de avaliación para o rexistro, autorización e comercialización de biocidas, incorporou ao dereito interno a Directiva 98/8/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de febreiro, relativa á comercialización de biocidas.

Recentemente publicouse a Directiva 2006/50/CE da Comisión, do 29 de maio de 2006, pola que se modifican os anexos IVA e IVB da Directiva 98/8/CE do Parlamento Europeo e do Consello relativa á comercialización de biocidas.

Mediante esta orde actualízanse ao progreso técnico os anexos IVA (substancias activas) e IVB (biocidas) do Real decreto 1054/2002, do 11 de outubro, lográndose unha mellora na protección da saúde humana e do ambiente.

Así mesmo, harmonízanse os requisitos dos biocidas de tipo biolóxico cos dos produtos fitosanitarios do mesmo tipo, simplificando o proceso de rexistro de ambos.

Na elaboración desta disposición foron oídos os sectores afectados.

Esta orde, que se dita en uso das facultades atribuídas na disposición derradeira segunda do Real decreto 1054/2002, do 11 de outubro, incorpora ao noso ordenamento xurídico a Directiva 2006/50/CE da Comisión, do 29 de maio de 2006.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Sanidade e Consumo, de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

*Artigo único. Modificación dos anexos IVA e IVB do Real decreto 1054/2002, do 11 de outubro, polo que se regula o proceso de avaliación para o rexistro, autorización e comercialización de biocidas.*

Os anexos IVA e IVB do Real decreto 1054/2002, do 11 de outubro, polo que se regula o proceso de avaliación para o rexistro, autorización e comercialización de biocidas, quedan modificados como segue:

Un. O anexo IVA (Documentación para as substancias activas) queda redactado segundo se indica no anexo I desta orde.

Dous. O anexo IVB (Documentación para os biocidas) queda redactado segundo se indica no anexo II desta orde.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español a Directiva 2006/50/CE da Comisión, do 29 de maio de 2006, pola que se modifican os anexos IVA e IVB da Directiva 98/8/CE do Parlamento Europeo e do Consello relativa á comercialización de biocidas.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2008.

Madrid, 29 de xuño de 2007.—A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, María Teresa Fernández de la Vega Sanz.